

## A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO

### A PROSA

O Rexurdimento literario galego do século XIX foi un fenómeno esencialmente poético. Só nas dúas décadas finais da centuria comezou un cultivo destacábel da narrativa e do teatro en galego.

A prosa galega do Rexurdimento acadou menos éxito e calidade que a poesía. Isto debeuse a diversos factores como a inexistencia dun modelo estándar de lingua, a minusvaloración do galego como idioma apto para a prosa ou a ausencia de modelos xenéricos propios. As dificultades económicas para a publicación de obras impresas de certa extensión levaron á narrativa a ser menos editada que a poesía. En liñas xerais, a **difusión da prosa foi a través de xornais e revistas, predominio a narrativa breve sobre a novela, de temática folclórica e costumista (ambientes, anécdotas e protagonistas do medio rural galego), histórica, sentimental ou de trasfondo político.**

Destacan na tendencia histórica as novelas do cóengo compostelán **Antonio López Ferreiro** (1837-1910): *A tecedeira de Bonaval* (1894), *O castelo de Pambre* (1895) e *O niño de pombas* (1905).

A novela sentimental está representada, en primeiro termo, por *Majina ou a filla espúrea* (1880), de **Marcial Valladares** (1821-1903), publicada por entregas en 1880, mais escrita xa dez anos antes. Considerada hoxe o texto inaugural da narrativa galega moderna, en puridade é unha obra bilingüe: as personaxes de clase baixa usan o galego; as de clase alta, o español.

### O TEATRO

Existe con anterioridade ao século XIX un teatro popular en galego formado por farsas e entremeses maiormente cómicos, burlescos e “picantes”, de autor anónimo, que se representaban ao ar libre en vilas e aldeas coincidindo con certas festividades. Tamén existen obras, xa no século XIX, que combinan o uso do castelán e do galego, escritas en clave satírica coa finalidade de ridiculizar diante dun público urbano de clase media ou alta os labregos, a súa cultura, a súa idiosincrasia e a súa fala. Non existiu até as dúas décadas finais do s. XIX un teatro culto e dignificado na nosa lingua. O primeiro gran impulso ao teatro en galego prodúcese na etapa de maior iniciativa por parte do rexionalismo finisecular. Enmárcase entre 1882, ano da estrea de *A fonte do xuramento*, e 1903, cando nace na Coruña unha efémera “Escola Rexional de Declamación”.

Dentro dun cadro xeral de precariedade, escaso cultivo, escaseza de autores e carencia de compañías, pode dividirse, en función dos seus temas, en tres grandes tendencias: **sentimental, costumista e teatro social ou anticaciquil**

## A MÚSICA DO XIX

Na segunda metade do século XIX os compositores galegos, seguindo a tradición dos lieder alemáns e tomando os textos dos autores do Rexurdimento, construíron pequenas pezas para canto con acompañamento que recibiron diferentes denominacións como melodía, cantiga, balada ou romanza. Un dos primeiros compositores en cultivar este xénero é Marcial del Adalid, con *Cantares viejos y nuevos de Galicia*, sobre poemas de Fanny Garrido, de temática popular, costumista ou da emigración, propios do Rexurdimento literario.

Ademais de Adalid, destacan compositores como Canuto Berea, Juan Montes coa súa obra *Negra Sombra* ou *Unha noite na eira do trigo*, José Castro “Chané” con *Os teus ollos* e José Baldomir Rodríguez.

O movemento orfeonístico de produción profana ou relixiosa provocara unha clara intesificación da creación ó seu favor, especialmente valiosa nos casos de Pascual Veiga, Juan Montes, José Castro “Chané” ou José Baldomir.

Unha das pezas corais que máis sona acadará será *Himno Galego* con texto de Eduardo Pondal e musicado por Pascual Veiga.

Pascual Veiga, foi un compositor e músico fundamental do Rexurdimento Galego, autor da *Alborada Gallega* e a música do *Himno Galego*.



Traballou de organista e profesor ademais de fundar e dirixir varios orfeones cos que recibiría numerosos premios, principalmente na cidade da Coruña coma o Orfeón El Eco e o Orfeón Coruñés.

# HINO GALEGO

Poesía de Eduardo Pondal

Música de Pascual Veiga

**Marchal:** *f*

*p*

1.ª Voz: Que din es rumo-ro---ses na cos-ta verde-cen-te, o rayo traspa-ren---te do

2.ª Voz: Que din es rumo-ro---ses na cos-ta verde-cen-te, o rayo traspa-ren---te do

3.ª Voz: Que din es rumo-ro---ses na cos-ta verde-cen-te, o rayo traspa-ren---te do

*p*

prá-ci do lu--ar. Que din as altas co---pas d'es-curoaru-me arpa---do co

prá-ci do lu--ar. Que din as altas co---pas d'es-curoaru-me arpa---do co

prá-ci do lu--ar. Que din as altas co---pas d'es-curoaru-me arpa---do co

*f*

seu ben compasa---do mo--nó-to-no fungar. Do teu verdar cin-gui-do e de be-ni--nos

seu ben compasa---do mo--nó-to-no fungar. Do teu verdar cin-gui-do e de be-ni--nos

seu ben compasa---do mo--nó-to-no fungar.

*p*